# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15017880 | CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz | Touro | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 21 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 24 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 25 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

As disciplinas de Xeografía e Historia constitúen os principais eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade xeográfica, humana e social desde unha perspectiva integradora e global, visión que se complementa coas achegas doutras disciplinas como a Historia da Arte, a Economía, a Socioloxía ou a Ecoloxía. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.
Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.
Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días.
Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfronta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.
O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.
O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.
En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar dende unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | 3 | 4 | 1-2 | 1 | 1 | 3 | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | 3 | 2 | 2 | 4 | 1-3 | 1-3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | 2-3 | | 3-4-5 | 1 | 3 | 3-4 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | 1-3 | | 1 | 1 | 2 | 1-2-3-4 | 1 | 1 |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 1-5 | 3 | 2 | 1-3 | 1-3 | 1-2 | 3 | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 1-5 | 3 | 1 | 1 | 3 | 1-2-3 | 1-3 | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 2-5 | 3 | 2-4 | 1 | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | 2 | | 1-5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | 1 | 1 |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2-5 | | 2 | 1 | 1 | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | O futuro dunha poboación que envellece. | Abórdase a desigual distribución e crecemento da poboación mundial, as causas e consecuencias do envellecemento, e os fluxos migratorios. Complétase o tema coa análise co comportamento demográfico a escala da UE, de España e de Galicia. | 10 | 13 | X | | |
| 2 | A Economía mundial. Como nos afecta a globalización? | Trátase de identificar os axentes e os factores productivos da actividade económica, así como os principais trazos dos tres sistemas económicos: de subsistencia, capitalista e comunista. As causas e consecuencias da globalización económica e a situación no momento actual, así como recoñecer as potencias económicas mundiais. | 10 | 13 | X | | |
| 3 | A producción de alimentos, clave na Axenda 2030. | Coñecer as características do sector primario no mundo, na UE, en España e en Galicia, valorando os avances tecnolóxicos na producción, na productividade e no coidado do medio ambiente e identificando os retos cos que se enfronta o sector primario na actualidade. | 15 | 14 | X | | |
| 4 | A necesidade dunha industria máis sostible. | Analízanse as atividades do sector transformador no mundo, na UE, en España e en Galicia, identificando os seus principais problemas. Comezamos pola actividade mineira e os seus problemas, a dependencia das energias fósiles e o progresivo crecemento das renovables como alternativa de futuro. Analizamos evolución da actividade industrial dende os seus inicios no s. XVIII e os factores de localización da industria, con especial referencia á emerxencia de China como gran potencia, e á situación da UE, España e Galicia. Por último faremos fincapé na necesidade de reducir o impacto medioambiental das actividades do sector secundario e polo tanto de reducir o consumo e aumentar a durabilidade dos productos. | 15 | 12 | | X | |
| 5 | Comercio e transporte: motor e reto da economía. | Papel do comercio internacional no crecemento económico. Principais eixos do comercio mundial. O comercio e o transporte en España e en Galicia. Impacto | 10 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Comercio e transporte: motor e reto da economía. | ambiental do transporte nas súas diferentes modalidades. | 10 | 10 | | X | |
| 6 | Os outros servizos básicos para a economía e o benestar. | Clasificar os servizos segundo a súa finalidade. Importancia dos servizos públicos. Os servizos turísticos e a súa importancia na economía galega e española. Outros servizos: Persoais, a empresas, financeiros... | 5 | 8 | | X | |
| 7 | O equilibrio entre medio natural e actividade humana. | O aproveitamento racional dos recursos naturais. A deterioración ambiental ameaza a vida. A degradación das paisaxes e a necesidade de protexelas. | 10 | 11 | | | X |
| 8 | Os retos do mundo globalizado e os O.D.S. | Coñecer os contrastes económicos e sociais entre a poboación do mundo, identificando as rexións máis desfavorecidas. A pobreza, a educación, a igualdade de xénero e o acceso aos servizos básicos. Factores que frean o desenvolvemento, axudas ao desenvolvemento. | 10 | 11 | | | X |
| 9 | A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo. | A sociedade, a economía e a política no A. R. A Ilustración, xerme do pensamento político contemóráneo. A situación de Galicia e de España no A. R. | 15 | 13 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O futuro dunha poboación que envellece. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Interpreta mapas de densidade de poboación. Coñece os principais indicadores para a análise da poboación. | PE | 80 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identifica causas e consecuencias do envellencemento demográfico en Galicia e España. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Comprende o modelo de transición demográfica. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Responde a preguntas sinxelas sobre as causas e consecuencias dos movementos migratorios actuais. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Analiza e compara pirámides de poboación. | TI | 20 |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | É capaz de expresar algunha iniciativa válida que favoreza a eliminación dos estereotipos de xénero. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. |
| - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas |
| - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. |
| - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |
| - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. |
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |

| **Contidos** |
|---|
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
|---|---|---|
| 2 | A Economía mundial. Como nos afecta a globalización? | 13 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de identificar e interpretar mapas e gráficos sobre evolución do PIB por países e aportación dos sectores económicos ao emprego total. | PE | 80 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Coñece os axentes económicos e o seu papel na actividade económica. Define PIB e PIB per cápita. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Identifica os factores que permitiron ás potencias tradicionais acadar a súa posición. Idem ás novas potencias do s. XXI. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Coñece o funcionamento do mercado de traballo. Clasifica a poboación dende o punto de vista laboral. Sabe que as relacións laborais están reguladas por leis e convenios. Sabe que é un contrato de traballo. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É capaz de realizar un traballo sinxelo sobre a globalización, as súas causas e aspectos positivos e negativos. | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Realiza un traballo sinxelo sobre o papel do Estado na economía capitalista e o seu papel como proveedor de servizos básicos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | A producción de alimentos, clave na Axenda 2030. | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Identifica as características do sector primario en Europa e en Galicia. | PE | 80 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñece os principais problemas da agricultura e gandaría de mercado en relación co medio ambiente. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Responde a preguntas sobre a agricultura de mercado e agricultura tradicional estableciendo as diferencias. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Explica o principais retos do sector primario na actualidade. | | |
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Participa na realizaicón dun traballo sobre os beneficios de consumir productos de temporada e de proximidade. | TI | 20 |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Realiza un mapa e un esquema explicativo das diferentes paisaxes agrarias españolas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |

| Contidos |
|---|
| - Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A necesidade dunha industria máis sostible. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identifica as características principais do sector secundario en Galicia e en España. | PE | 80 |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Sinala algunha característica de cada unha das catro fases da Revolución industrial. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Identifica a situación actual das potencias industriais tradicionais e explica as principais causas do ascenso de China. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Coñece as principais fontes de enerxía, diferenciando renovables de non renovables. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Explica, a partir dun gráfico, o modelo económico circular. | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | A partir dun cadro comparativo das condicións de traballo nas fábricas no s. XIX e os dereitos das pessoas traballadoras no século XXI, explica en que aspectos melloraron. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Comercio e transporte: motor e reto da economía. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Compara conceptos sinxelos relacionados co comercio e o transporte sinalando as diferenzas entre eles. | PE | 80 |
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza un exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando comprender as características do comercio e dos transportes en Galicia e en España. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Contesta ás preguntas con nivel suficiente sobre o impacto ambiental das distintas modalidades de transporte. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Realiza un exercicio escrito con nivel suficiente, demostrando saber e comprender as características esenciais do comercio mundial na actualidade. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Participa na elaboración dun traballo sobre un medio de transporte. | TI | 20 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Elabora un póster comparando un servido público esencial entre tres países, explicando as diferenzas entre eles. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Realiza con certa soltura unha proposta de traballo sobre sobre o impacto que xerou no medio ambiente o uso das das bolsas de plástico e a súa substitución polas de papel. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. |
| - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. |
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Os outros servizos básicos para a economía e o benestar. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza a proba escrita con nivel suficiente demostrando coñecer a importancia da crecente demanda de servizos. | PE | 70 |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Contesta a preguntas con nivel suficiente sobre a importancia turismo e outros servizos en Galicia e en España. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Realiza a proba escrita sobre os servizos financeiros e das TIC con nivel suficiente. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Realiza un esquema clasificando actividades de servizos a partir de exemplos concretos. | TI | 30 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Responde, no caderno de clase, a preguntas sinxelas sobre a crecente demanda de servizos. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Participa na elaboración dun traballo en grupo sobre a importancia dos servizos sociais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |

| Contidos |
|---|
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O equilibrio entre medio natural e actividade humana. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio. | PE | 60 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural,  e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre medio ambiente, identificando e describiendo aceptablemente as principais causas se consecuencias do seu deterioro. | TI | 40 |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Elabora unha ficha dos principais espazos naturais protexidos de Galicia e explica os motivos da súa protección. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Os retos do mundo globalizado e os O.D.S. | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Identifica e sabe explicar os principais factores que frean o desenvolvimento dos países. | PE | 70 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Identifica as consecuencias para a poboación da falla de acceso á atención sanitaria e a falla de acceso á auga potable e ao saneamento. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Coñece os piares do estado de benestar e os beneficios para o conxunto da sociedade do seu reforzamento. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Identifica algunha das causas que discriminan á muller no acceso á educación en determinadas rexións do mundo, e propón medidas razonables para a súa superación. | | |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Coñece os principais organismos de axuda ao desenvolvemento e valora a súa eficacia. | | |
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Percura información sobre os ODS e realiza un cadro-resume de todos eles, elixe un e explica como afecta ese problema ao desenvolvemento. | TI | 30 |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Saca conclusións razonables a partir da comparación de gráficos sobe a situación da educación e do traballo infantil no mundo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.<br>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |

| Contidos |
|---|
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Contesta a preguntas cun nivel suficiente sobre a situación de Galicia do século XVIII. | PE | 80 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde cun nivel suficiente ás cuestións planteadas na proba sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, sociais e económicas. | | |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Contesta a preguntas sobre a Ilustración e sinala alguna das súas críticas ao Antigo Réxime, así como os medios de difusión das ideas ilustradas. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Contesta cun nivel suficiente a preguntas sobre un texto histórico sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración. | | |
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Analiza e compara textos ilustrados do s. XVIII e artigos da actual Constitución española sinalando conexións entre eles. | TI | 20 |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Realiza un traballo sinxelo sobre o papel das mulleres na ilustración. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.<br>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía irá encamiñada a favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais trataremos de exercitar ao alumnado de 3º nos procedementos habituais do xeógrafo e do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade xeográfica e xeopolítica actual.
As tecnoloxías da información e da comunicación serán utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
Debemos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

Traballaremos aspectos da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta insistindo na interpretación de gráficos e mapas, e elaboración destes a partir de datos. Igualmente, resultará útil a elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima.
En canto á forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Na única unidade didáctica que programamos adicada ao s. XVIII, trataremos de conectar o estudiado coa realidade presente.
A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.
Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas enfocarémolas non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas.
Empregaremos distintas estratexias metodolóxicas en función dos contidos a tratar. Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen o seu propio

coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo na clase variará segundo os temas a tratar:

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía será partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos da contorna próxima, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.
A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así estaremos en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.

En todo caso adicaránse sempre os primeiros minutos de cada periodo lectivo a recapitular o traballo do día anterior e os seguintes a explicación dos contidos por parte do profesor cando corresponda, ou a realización de actividades por parte do alumnado, atendendo o docente as necesidades de cada un, resolvendo dúbidas, aclarando conceptos ou proporcionando información complementaria de xeito individualizado. As preguntas e consulta de dúbidas por parte dos alumnos terán cabida preferentemente nos minutos finais. Procuraráse que o tempo adicado a explicacións non supere a metade do total lectivo, reservando a este fin as sesións máis idóneas que permita o horario (primeiras horas da mañá, antes do recreo...). Cando sexa necesario o grupo trasladaráse ás aulas de informática ou audiovisuais para realizar actividades programadas: consulta de información, realización de traballos, visionado de películas ou documentais, visionado de diapositivas...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto: Xeografía e Historia 3º ESO proyecto "Construindo mundos", de Obradoiro Santillana. |
| Atlas e mapas. |
| Apuntamento do profesor. |
| Aula virtual. |
| Prensa e material audiovisual. |
| Caderno de traballo de cada alumna e alumno. |

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, non condicionará nin a nosa función docente min a nosa metodoloxía, de xeito que nós determinaremos e gestionaremos o seu uso. O atlas e os mapas serán sempre un recurso preferente.
Os apuntamentos ou esquemas puntuais por parte do profesor que amplían ou completan a información do libro, así como outro material complementario que resulte oportuno en función do desenvolvemento de cada unidade: visionado de documentais -completos ou fragmentos-, artigos de prensa...
A Aula Virtual tamén será un recurso do que botaremos man, para realizar tarefas, enviar apuntamentos e comunicarnos co alumnado.

Destacamos a importancia do caderno de traballo, que será o lugar onde o alumno e alumna recollan as tarefas que se lle encomenden, polo que debe estar sempre en perfecto orden. Estas tarefas, en todo caso, estarán sempre adaptadas ás características de cada alumno e alumna, adaptándose tamén os tempos para a súa realización.
Doutra banda, o diario do profesor será o documento que recolla as incidencias que vaian aparecendo cada día na aula en relación co seguimento e a aprendizaxe do alumnado, a fin de corrixir estratexias se fose preciso ou

reafirmase nas empregadas se o resultado é bo.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.
En definitiva, empregaranse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

a) Do grupo da clase:
- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnado con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto
realizarase mediante a observación directa.

b) De cada alumno e alumna en particular:
- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros compañeiros e compañeiras.
- Proba de avaliación inicial.

As actividades de preavaliación ou avaliación inicial levaranse a cabo preferentemente durante as dúas primeiras semanas do curso escolar. Irán referidos á materia de 2º curso. Partirá da análise do expedente académico do alumno no curso anterior e dos informes dos que se poidese dispoñer, e consistirá na observación do traballo na aula estes primeiros días e na realización dunha proba que pode ser escrita ou oral enfocada preferentemente aos aspectos prácticos da materia. Ademais avaliarase os niveis de lectura, expresión oral e escrita de cada alumno.

A avaliación inicial tamén nos ofrece información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metolodoxía para abordar a unidade.
Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantearlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.
Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numéricamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** | **UD 8** | **UD 9** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **15** | **15** | **10** | **5** | **10** | **10** | **15** | **100** |
| **Proba escrita** | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 70 | 60 | 70 | 80 | **76** |
| **Táboa de indicadores** | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 30 | 40 | 30 | 20 | **24** |

**Criterios de cualificación:**

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle dá aos instrumentos de avaliación resultando que o das probas escritas é do 80% e o das táboas de indicadores un 20% en todas as unidades agás a 6, 7 e 8. Nas unidades 6 e 8 a táboa de indicadores pesa un 30% fronte ao 70% da proba escrita. Na unidade 7 a proba escrita supón o 60% e a táboa de indicadores o 40%. Deste xeito, no cómputo total da programación as probas escritas terán un peso do 76% e as táboas de indicadores do 24%.
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que teremos previamente fixados en función do tipo de pregunta. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; resumos; preguntas sobre imaxes, mapas ou gráficos, intervencións orais, etc. Estas tarefas quedarán reflectidas no caderno de traballo de cada alumno e alumna, a excepción das que deban ser recollidas noutro soporte. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.
Cualificación:
A nota final de cada avaliación procederá da media das probas ou exames que se realicen, multiplicada pola ponderación correspondente (0,8, 0,7 ou 0,6, según proceda), e das rúbricas coas que se califique o resto das actividades na porcentaxe restante. Entre estas, as actividades reflectidas no caderno de clase e as intervencións e participación activa e a actitude cara a materia serán esenciais. Como norma xeral realizarase unha proba por cada unidade didáctica, pero poderanse fraccionar, ou agrupar dúas en casos excepcionais, se resulta máis conveniente. O caderno de clase revisarase unha vez cada trimestre, e a súa cualificación terá en conta, tanto a presentación (orde, limpeza organización...), como o contido (realización das actividades propostas e corrección das mesmas, confección de resumes, esquemas...). Tendo en conta esto, a cualificación mínima para superar cada avaliación será de 5. A realización opcional de traballos de clase con carácter voluntario poderá incrementar a nota da avaliación ata un punto, pero sempre que se acade previamente a mínima cualificación de 5.
Unha vez realizadas as operacións para o cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.
Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.
Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 30) + (Nota 2ª aval. x 35) + (Nota 3ª aval. x 35)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o alumno ou alumna terá unha última oportunidade de recuperación no mes de xuño dos contidos das avaliaicóns nas que non acadara calificación positiva, así como unha única recuperación da avaliación terceira no caso de non tela superado. Consistirá nunha proba na que se examinarán de todos os criterios de avaliaicón das unidades didácticas pendentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia superada, en caso contrario quedaría pendente, e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.
Nas probas e traballos que se presenten por escrito terase en consideración a ortografía, a cohesión lingüística e a coherencia.
Os alumnos e alumnas que non asistan a unha proba sin motivo xustificado, serán examinados oralmente ou por escrito cando se considere oportuno.

**Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración de actividades con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas-exame sobre ditos contidos.
Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica, esta

deberá ser entregada no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media.
Para calcular a nota da recuperación considerarase o 60% das probas escritas e o 40% dos traballos e será oresultado de:
Nota recuperación da avaliación non superada = (Nota Exame X 0.6 + Parte práctica X 0,4)
Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.
Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.
Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.
No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado terá unha última oportunidade de recuperación no mes de xuño.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A avaliaicón inicial, os informes dos cursos anteriores e a información facilitada polos profesores destes cursos son os medios cos que contamos para coñecer as características dos nosos alumnos. Ademais o Departamento de Orientación facilitaranos a información individualizada de cada alumno. As medidas por tanto estarán en función das necesidades de cada alumno/a. O profesorado do Departamento dende o primeiro día observará o nivel de cada alumno/a partindo da avaliación inicial e observando a desenvoltura no traballo diario.
As medidas de adaptación e reforzo serán puntuais e serán aplicadas polo profesor aos alumnos que o precisen. Consistirán tanto en actividades de reforzo educativo para os que teñan dificultades, como actividades de ampliación para os máis capacitados. En todo caso as actividades de reforzo irán encamiñadas a conquerir que o alumno acade os mínimos esixibles fixados para cada curso.
1. Reforzo educativo. En principio non se prevé aplicar medidas dende o inicio de curso. Despois das probas de preavaliación e dos resultados das primeiras semanas, valoraremos se hai alumnado que o precise. As medidas consistirán na realización de tarefas adaptadas, incluidas as probas escritas.
2. Adaptación curricular. Non contamos neste curso con alumnado que a precise.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X | X | | | | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | | | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X | | | | | X | | X |
| ET.4 - Emprendemento. | | | X | | X | X | | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Objetivos do Desnvolvemento Sostible. | X | X | X | | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.7 - Educación para a az. | | | | | | X | | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor. | | X | X | | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social. | X |
| ET.2 - Educación ambiental. | |
| ET.3 - Educación para a igualdade. | X |
| ET.4 - Emprendemento. | |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita. | X |
| ET.6 - Objetivos do Desnvolvemento Sostible. | |
| ET.7 - Educación para a az. | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor. | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.
Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita ao Parlamento Galego | Visita guiada ao Parlamento de Galicia que realizaremos no segundo trimestre | | X | |
| Visita á cidade e museo de Pontevedra. | Durante o terceiro trimestre. Roteiro didáctico urbano pola cidade e visita guiada ao museo. | | | X |

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:
-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| **Indicadores de logro** |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Avalía en función dos criterios da programación |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Cumpre co horario de clases |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados |
| A selección dos contidos e actividades e a súa temporalización foi axustada |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros |
| Os contidos e actividades relaciónanse cos intereses do alumnado |
| A temporalizaicón foi adecuada |
| Realizouse a avaliación inicial |
| Os criterios de cualificación foron axustados |
| Metodoloxía empregada |
| Planifica leccións, ensina e avalía |
| Emprega diversos recursos |
| Explica con clareidade |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, caderno, intervencións en clase...) |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Valora o esforzo |

| |
|---|
| Clima de traballo na aula |
| Demostra coñecemento da materia |
| Crea ambiente de aprendizaxe |
| É ordenado nas explicacións |
| Resolve dúbidas |
| Revisa a realización das tarefas propostas |
| As datas das probas de avaliación foron consensuadas co alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias |

**Descrición:**

Un cuestionario para medir estes indicadores será proporcionado ao alumnado ao final de curso por medio dunha rúbrica que cada alumno e alumna completará marcando cada item nunha escala de 1 a 4. Os resultados vannos permitir reformular determinadas actuacións e metodoloxía de cara ao seguinte curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Faremos un seguimento da programación mensual a través desta aplicación informática, e anotando no diario de clase todas as incidencias que sucedan no seu desenvolvemento, as desviacións da mesma coas súas causas, e as dificultades que observemos por parte do alumnado. Deste xeito trataremos de adaptala na medida do posible cando a práctica docente nolo vaia demandando e disporemos tamén dunha información esencial que nos permitirá corrixir erros e mellorar aspectos da mesma a medida que a vaiamos desenvolvendo.
Na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## 9. Outros apartados